

# ANÁLISE HISTORIOGRÁFICA DO MEGALITISMO GALEGO

Antón A. Rodríguez Casal

*"Tratar de reconstruir los hechos es propiamente la lectura de los datos".*

(Carlos Alonso del Real, Nueva Sociología de la Prehistoria, 1977, p. 21).

Nestes últimos anos ten-se escrito moito, e nos mais dos casos mal, encol do fenómeno megalítico en Galicia, sen faltar autores a descubrir Américas debido á súa propia ignorancia e por mor de esquecer en moitos casos, xa fora consciente ou inconscientemente, a obra e o legado de investigadores da talla intelectual por exemplo dun Federico Maciñeira, dun Florentino López Cuevillas ou dun Georg Leisner. Ademais, as máis recentes liñas de investigación, nalgún caso menos novedosas do que á primeira vista poideran parecer, non se basean nunha documentación arqueolóxica suficientemente clarexadora debido á falla de excavacións e, o que é máis grave, á non publicación de moitas delas<sup>1</sup>.

Por outra banda, e debido á falla dunha sustentación arqueolóxica suficientemente rigorosa, o debate nos mais dos casos ten-se amosado estéril por mor da utilización sen mais de metodoloxías foráneas, pola lectura e asimilación sen crítica algunha de textos extranxeiros e pola asunción sen máis duns modelos e teorías que poden ser válidas, por exemplo, no ámeto anglosaxón, pero que no noso país precisarían do contrastado arqueolóxico pertinente.

No presente ensaio só pretendemos amosar o estado actual da investigación encol do Megalitismo galego, cos seus fitos máis senlleiros e o desenvolvemento das diferentes

---

1 Non contamos aínda, por exemplo, coa publicación das excavacións de Bexo, O Buriz, Oirós, A Zapateira, Dombate, Os Campiños ou Argalo, entre os xacementos de meirande interés. Deles só coñecemos informacións moi parciais, maiormente por transmisión oral.

teorías até os nosos días, conscientes de que como xa nós mesmos escribíamos en 1989: "desgraciadamente, las lagunas en la investigación siguen pesando como una losa"<sup>2</sup>.

## 1. Da documentación medieval ao século XVIII: A prearqueoloxía

O papel asignado nos últimos anos aos túmulos megalíticos incide nomeadamente sobre a súa función como demarcadora dos territorios, como marca de territorialidade ou, no decir de A. Fleming, como recordatorio dos mortos ao servicio dos vivos daquela época<sup>3</sup>. Pero xa na documentación medieval galega, sobre todo entre os séculos XI ao XIV, aparecen referencias a mámoas como demarcación territorial en donacións de herdades, cartas de fundacións de mosteiros ou outorgamentos testamentarios, tal como temos recollido na documentación consultada dos Tumbos de Sobrado, da colección diplomática de Oseira, Armenteira ou Melón: termos e frases tais que *petras fixas, mammolas antiquas, pro ut dividir eum alias vilas per petras fixas et mamolas antiquas, illa mamoa qui estrema de Vidixi, Mamonan Maiorem, Arcam que est in monte, illam mamuam in prono ad Campelos, Archa Antiqua, in loco qui vocatur Mamoelas, vila de Mamoelas, leyras da Mamoa, ad gragiam de Mamoa Verde, mammuam furatam, hereditatis de Modorra, e un longo etcétera*<sup>4</sup>. Aínda que o interese arqueolóxico non sexa fundamental, en moitos casos citas como as reseñadas poden ser úteis para verificar o grao de destrución acaecido ou comprobar o grao de conservación dos xacementos e a súa localización actual<sup>5</sup>.

---

2 Rodríguez Casal, A.: *La necrópolis megalítica de Parxubeira*. Monografías urxentes do Museu da Coruña, 1989, p. 73.

3 Cf. por ex. C. Renfrew: "Megaliths, territories and populations". *Dissertationes Archaeologicae Gandenses*, 16, 1976, pp. 198-220 ou A. Fleming: "Tombs for the living". *A Monthly Record of Anthropological Science*, 7, Londres, 1973, pp. 177-193. Encol da problemática xeral do fenómeno megalítico cf. Rodríguez Casal, A.: "Problemas y cuestiones de método relativos al megalitismo: una aproximación teórica". *Gallaecia*, 12, 1991, pp. 81-89.

4 Cf. Los Certales de G. de Valdeavellano, P.: *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes* (2 vols. Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural. Madrid, 1976); Romaní, M.: *Colección diplomática do Mosteiro cisterciense de Sta. María de Oseira (Ourense), 1025-1310*. Santiago, 1989, ou Filgueira, J. e García Alén, A.: "Inventario de Monumentos megalíticos de la provincia de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra*, 31, 1937, pp. 43-130.

5 Sirva de mostra, por citar un só exemplo, un documento do século XIV, concretamente do 1339 que alude á mámoa 5 da necrópole de Parxubeira, que segundo M. Fabeiro (*Gran Enciclopedia Gallega*, 20, pp. 193-195, voz Mazaricos) podería facer referencia ao escudeiro García de Caamaño, veciño de Fis Deyron (parroquia de San Fins de Eirón na actualidade), que outorga testamento o 6 de setembro de 1339 diante

Aparte do anterior, e aínda que dunha valía moi escasa, os primeiros datos de certo interese atopámoslos xa entrado o século XVII en libros de viaxes, crónicas de eruditos da época, actas procesais ou mesmo en tratados de lingüística. Nos máis dos casos trátase de novas cheas de vaguedades, difícil lectura ou de carácter simplemente descriptivo.

Mención aparte merece a documentación existente no Arquivo Xeral de Galicia que recolle as andanzas do clérigo-licenciado Vázquez de Orxas que a principios do século XVII foi autorizado, mediante unha real cédula dada polo rei Felipe III, a explora-las "tumbas dos gentiles galigrecos" e retira-lo ouro que contivesen. Pero isto motivou unha resposta de furtivismo raiano na loucura entre o campesiñado que se dedicou a furar clandestinamente polas noites un número próximo ós 3000 túmulos en varias comarcas galegas. Ouro non atoparon pero esquilmou-se así un dos grandes legados do noso pasado, tal como se recolle nos documentos conservados, como os que a continuación transcribimos:

*"Algunos en gran desobediencia de la sacra, cesarea, católica y real majestad en este su reino de Galicia... se han atrevido a cavar y abrir las dichas mámoas o modorras o castros sepulturas de gentiles, sacando de ellas el oro que han allado y usurpándolo a su majestad... Y el mal se comenzó en la tierra de Parga yba cundiendo por todo el reino ...yba corriendo como lumbre por estopa sin haber quien se le oponga..."*

*"...Que están al presente abiertas de 300 á 400 mámoas y que todas ellas se abrieron de noche y ocultamente..."*

*"Otros testigos dicen que un Gregorio de Monteagudo les invitó a que le ayudasen á cabar la mámoa de Couso Vello y que aquél fué á vender a Betanços y á Lugo un poco de oro, y que le oían contan muchas monedas en su casa: que una piedra de la mámoa tenía un letrero: que en dicha mámoa se hallaron grandes dineros y gran cosa de riqueza: otro testigo viera en la dicha mámoa como una arqueta de piedra, de donde se sacara el tesoro".*

Nembargantes a feitoría non ficou inpune pois como ben escribía Martínez Salazar no seu estudio sobre o proceso levado a cabo<sup>6</sup>.

*"A denuncia de mámoas, feita polo Lic. Vázquez de Orjas, despertó entre los aldeanos gallegos el auri sacra fames; centenares de ellos sufrieron días y aún meses de prisión y fueron multados en mil maravedises, por haberlas abierto".*

---

de Rodrigo Eans. De novo está presente o carácter de marco referencial que a mámoa mantén aínda na Idade Media.

6 Martínez Salazar, A.: "Sobre apertura de mámoas a principios del siglo XVII". *Boletín de la Real Academia Gallega*, 3, 1909.

Xa no século XVIII é mester salienta-las informacións fornecidas por Martin Sarmiento<sup>7</sup>, que despois dunha viaxe realizada por terras galegas en 1754 e 1755 fará consta-la existencia de mámoas nas terras do Barbanza e do Val do Salnés.

## 2. O século XIX: Os precursores.

Como é ben sabido, pasada a metade do século XIX vai xurdir en toda Europa unha inquedaanza especial polas antigüidades. As teorías imperantes -de corte romántico- terán como paradigma explicativo o erro de incluí-los megalitos no mundo céltico, nunha mestura de invasións, difusionismo extremo e migracións de pobos. Así pódense doadamente entende-las teorías de autores como Viceto, Vereá y Aguiar, Villamil y Castro, Barros Sivelo ou mesmo Murguía<sup>8</sup>.

Para entender ben a situación pode servir a declaración de principios que movía a Benito Viceto, cando escribía en 1865 (p. 198):

*"Entro, pues, en el campo tenebroso del pasado de Galicia con toda mi independencia, y sin más auxilio que el de Dios".*

Modo de operar histórico totalmente inaceptable e que non é merecente de que lle adiquemos máis tempo<sup>9</sup>.

O anterior vén motivado, en gran medida, por mor do carácter de fisterra do noso país, á marxe do que nese mesmo momento se facía en Europa. Porque, por esa mesma época xa Emile Cartailhac<sup>10</sup> elaborara unha exposición moi científica encol do Megalitismo: vai xurdir así a corrente occidentalista para explica-la orixe do fenómeno, que segundo este autor se situaría en Portugal. Este novo camiño na investigación será levado

---

7 Sánchez Cantón, F. J. e J. M. Pita: Viaje a Galicia de Fray Martin Sarmiento (1754-1755). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, anexo 3, 1950.

8 Véxase por exemplo, Viceto, B.: *Historia de Galicia*. Ferrol, 1865; Vereá y Aguiar, J.: *Historia de Galicia*, 1838; Villamil y Castro, J.: *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*, 1876; Barros Sivelo, R.: *Antigüedades de Galicia*, 1875 o Murguía, M.: *Historia de Galicia*, 1888.

9 Cf., por exemplo, Bermejo, J.C.: "Los antepasados imaginarios en la Historiografía gallega". En: *El pasado renacido. Uso y abuso de la tradición clásica*. 1992. Para temas de análise historiográfico en xeral, pódese consultar do mesmo autor: *Psicoanálisis del conocimiento histórico*. Madrid, 1983 y *El Final de la Historia. Ensayos de historia teórica*. Madrid, 1987.

10 Cartailhac, E.: *Les âges préhistoriques de l'Espagne et du Portugal*. París, 1886.

ata as súas últimas consecuencias, xa no século actual, polo gran prehistoriador P. Bosch Gimpera.

Se en Galicia as interpretacións eran en gran medida meramente especulativas -con celtas por todas partes, a partir da introducción do celtismo por Vereá y Aguiar<sup>11</sup>, sen ir máis lonxe en Portugal cóntase xa con autores de gran talla intelectual: neste senso cómpre salienta-la figura de Estácio da Veiga e a súa obra *Antigüidades Monumentaes do Algarve* (1886-1891), na que insere o Megalitismo na "*transição do período neolítico para a primeira idade dos metais*", ao tempo que interpreta os moimentos megalíticos a resultas dun culto de veneración en honra dos mortos e en lembranza do pasado. Sen esquece-la súa opinión encol do tratamento que require o traballo arqueolóxico:

*"...porque estes descubrimentos requiren, além de minucioso exame nos terrenos, moito exercicio práctico".*

¡E isto foi escrito hai xa máis de cen anos!

Fronte a Estacio da Veiga e as súas ideas "modernas", case pola mesma época Ramón Barros Sivelo publicaba no noso país as súas *Antigüedades de Galicia* (1875), que é unha obra con contínuas referencias ás primitivas razas célticas, nun rebumbio de pobos -kimbris, kimerii, celtas, etruscos, pobos bíblicos-, moi acorde coas ideas dun momento no que megalito era sinónimo de moimento céltico:

*"El recuerdo de las primitivas razas célticas, justificado en los monumentos, se comprueba por el gran número las agrupaciones de granito y los gigantescos monolitos, tan respetados por nuestros habitantes del campo, que les tributan una veneración semisagrada, que procede de una lejana y misteriosa tradición".*

*"Los trhilites cubiertos y los dólmenes -mámoas- son muy comunes en Galicia. Representan más característicamente una reminiscencia de las costumbres de los galos ó de los kimerii ó kimbris".*

Na mesma onda hai que situar, aínda que no eido da poesía, a obra de Eduardo Pondal que cantaba por aqueles anos románticamente ao famoso dolmen de Dombate, nos seus "*Queixumes dos pinos*":

---

11 Cf. Vieites, C.: "*El celtismo en la historiografía gallega* (Tese de licenciatura inédita). Universidade de Santiago, 1987. Para a análise global cf. Fernández Malde, J.A.: "*As sepulturas pre-históricas na Galiza do Neolítico á Idade do Ferro: revisom bibliográfica*" (Tese de Licenciatura inédita). Universidade de Santiago, 1992.

*Pasado Vilaseco, indo pla gandra adiante,  
xa vía dende lonxe o dolmen de Dombate...  
Quedaba o misterioso, fillo doutras edades,  
ca súa antiga mesa, cas súas antigas antes,  
no seu monte de terra, no alto e ben roldante,  
poboado en redondo de montesío estrame.*

Toda esta filosofía romántica, aínda que máis esvaída, atopara-se tamén en Manuel Murguía, sen dúbida o principal teórico desa época nos eidos da historia galega. As súas ideas plasmara-as fundamentalmente na súa *Historia de Galicia* (1865, 1ª ed.). Amais das súas teorías, moitas delas de cariz totalmente especulativo, como cando por exemplo verbo das orixes do megalitismo chega a decir taxativamente "*cuyo origen céltico no puede ni tan siquiera ponerse en duda*", deixaranos datos de verdadeiro interese para o estudio do megalítico galego.

Se unha das características máis definatorias do noso megalítico é a propia distribución das mámoas e o seu número, a frase de Murguía de que "*no hay campo inculto en Galicia en el que los ojos acostumbrados no perciban la grande o pequeña mámoa*", é desmedida dabondo. De tódolos xeitos é indicativa dun dos feitos máis significativos do Megalitismo do noso país, como é o da específica natureza do emprazamento e a ocupación territorial con máis de cinco mil mámoas todo o longo e largura do país<sup>12</sup>. Meirande interese posúe, ao noso entender, a preocupación que Murguía tiña verbo da preservación do patrimonio arqueolóxico. Escribía ao respecto:

*"Si no se acude en tiempo a preservarlos (as mámoas) de la inmediata destrucción que los amenazan muy pronto serán estériles cuantos esfuerzos se hagan en nuestro país para establecer sobre bases más sólidas el estudio de estos monumentos... Se hace necesario que las autoridades superiores de las cuatro provincias, declaren monumentos nacionales, tanto las mámoas como los castros y demás monumentos megalíticos, para salvarlos de su completa ruina, haciendo responsables a los alcaldes de los atentados que contra ellos se cometen diariamente. Debe tenerse en cuenta que una vez deshecha una mámoa, es imposible después un completo estudio de ellas..."*

---

12 A cuantificación "a ollo" de Murguía concorda ben co que anos mais tarde escribía Cuevillas: "*...A Galiza e o norte de Portugal deica o Douro, ofrecen dende logo, e en relación coa sua superficie, unha densidade dolménica superior á de calisquer país hispánico*". (F. López Cuevillas: "A Edade megalítica". En: *Historia de Galicia*, tomo III (Prehistoria). 1952. Buenos Aires, 1973, p. 54).

Cen anos despois, a denuncia de Murguía segue vixente. Pero o que é máis triste e lamentable é o feito de que as destrucións continúan día tras día a esnaquiza-lo noso Patrimonio Arqueolóxico. E todos sabemos que un pobo sen historia é un pobo morto.

### 3. As investigacións no primeiro cuarto do século XX.

Se o século comeza coincidindo coa 2ª edición da *Historia de Galicia* de M. Murguía, pleamente decinomónica nos plantexamentos históricos, a partir de 1920 a situación cambia radicalmente: sirva de mostra, por exemplo, as novas orientacións metodolóxicas de N. Aberg plasmadas no seu *La Civilisation Enéolithique dans la Péninsule Ibérique* e sobre todo a publicación en 1923 da primeira síntese de claro rigor científico da Prehistoria galega: referímonos á obra *Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia* do alemán Hugo Obermaier que sintetiza de maneira xenial os datos -nos máis dos casos sen artellar- cos que se contaba na época, empregando noticias soltas, descripcións e traballos de catalogación de autores tais como o xa citado Murguía, Vázquez Núñez, Díaz Sanjurjo, Amor Meilán, Rodríguez Gallego, Fidel Fita, García de la Riega, Álvarez Carballido ou Saralegui y Medina<sup>13</sup>.

Sen dúbida algunha, a obra de Obermaier, dentro da óptica difusionista do momento<sup>14</sup>, é importante, sendo de salientar as súas ideas verbo da posibilidade de contactos

13 Sinalemos as obras esenciais destes autores: Murguía, M.: *Historia de Galicia*. 2ª ed. A Coruña, 1901; Vázquez Núñez, A.: "Estudios prehistóricos. As mámoas. *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, 1, 1901; Díaz Sanjurjo: "Los caminos antiguos y el itinerario nº 18 de Antonino en la provincia de Orense". *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, 37-43, 1904; Amor Meilán, M.: *Historia de la provincia de Lugo*. (Edad Prehistórica). Tomo 1. Lugo, 1918; Rodríguez Gallego: "Galicia prehistórica". *Boletín de la Real Academia Gallega*, 47, 1905; Fita, F.: "La mamoa celto-romana y epigrafía de Bretal". *Boletín de la Real Academia de Historia*, 49, 1911; García de la Riega: *Galicia Antigua*. Pontevedra, 1908; Saralegui y Medina, M. de: *Los monumentos megalíticos en España* (1918).

14 Dende a óptica do difusionismo Vorsaae xa en 1886 defendía sen máis a existencia dun proceso de colonización dende as rexións meridionais de Europa cara ó Norte. E aínda en 1912 T.E. Peet na súa obra *Rough Stone Monuments and their Builders* seguía a falar de invasións e de emigracións sucesivas para explica-la orixe do Megalitismo. Como lamentable colofón na década dos vinte vaise chegar á expresión máxima do difusionismo con Sir G. Elliot Smith e o seu exiptocentrismo desmesurado. Frente a elo non está de máis ver a modernidade metodolóxica do gran prehistoriador galego F. López Cuevillas que no mesmo ano de 1923 (cf. nota 20) está ao corrente da discusión entre orientalistas e occidentalistas para explicar a orixe do megalitismo. Escribía ao respecto: "...pero o tratar d-averiguar cal pudo ser o ponto de partida e d-orixen d-istes moimentos non andan d-acordo as opiniós dos sabios, e as escolas opostas d-orientalistas e occidentalistas sosteñen as suas conclusiós, misturando na porfia interesantes cuestiós cronolóxicas"

entre o sul da península e o noroeste xa nesta época. Por outra banda, o autor alemán vai ser como unha catapulta para os traballos posteriores, da man de autores tan nomeados como Federico Maciñeira, Georg e Vera Leisner e Florentino López Cuevillas.

#### **4. Dos anos vinte a década dos sesenta: O despegue da investigación.**

Grosso modo, e aparte doutras aportacións de menor entidade, ista época vai sobresaír polos estudos de catro grandes figuras que van marcar, cada un deles cunha-personalidade propia, as investigacións megalíticas ata os anos sesenta: referímonos a F. Maciñeira, F. López Cuevillas e o matrimonio Leisner.

Federico Maciñeira vai centra-los seus estudos sobre todo nunha moi seria investigación prospectorá (aparte dun acervo teórico moi consistente na onda do que por eses momentos se facía en Europa) nas rexións máis septentrionais de Galicia: aí están os seus inventarios megalíticos con máis de 300 medoñas nas comarcas de Bares, Serra Faladoira e a Bacía media e alta do Eume<sup>15</sup>. Por vez primeira imos contar en Galicia cuns catálogos moi valiosos nos que a descripción, a localización precisa e o estudo da interrelación entre moimentos megalíticos e medio físico, mámoas e camiños antigos, será a columna vertebral dos seus estudos.

O interese do seu traballo asenta tanto no seu labor de prospección e inventario descriptivo, como na súa lucidez interpretativa. Por vez primeira atoparemos ideas tais como a da interrelación entre túmulos e paisaxe, e máis en concreto entre as mámoas e os camiños antigos. Neste senso, segundo Maciñeira a específica implantación das mámoas entre o val de As Pontes e Bares, todo ó longo da Serra Faladoira, sería a proba máis manifesta dun camiño da época entre ambas zonas, no que as mámoas o irían sinalizando a xeito de baliza. Esta hipótese, e é mester salienta-lo, cobrou forza nos últimos anos á luz das novas investigacións, o que mostra a vixencia das súas hipóteses<sup>16</sup>.

---

15 Maciñeira, F.: "La distribución de las estaciones prehistóricas ortegaleses y sus características". *Boletín de la Real Academia Gallega*, 22, 1935; "Túmulos prehistóricos. Inventario descriptivo de los 286 túmulos prehistóricos hasta ahora descubiertos en la avanzada comarca del cabo Ortegal". *Boletín de la Real Academia Gallega*, 23-24, 1943-1944; "Notable grupo de círculos líticos y túmulos dolménicos de la cuenca superior del Eume". *Archivos do Seminario de Estudos Galegos*, 2, 1929.

16 Para situar na súa xusta medida a débeda contraída con Maciñeira, sirva de exemplo a cita recollida en Bello et al.: *La cultura megalítica de la provincia de la Coruña y sus relaciones con el marco natural: implicaciones socio-económicas*. A Coruña, 1987, p.111: "La primera vez que se documentó, en un trabajo sobre los túmulos megalíticos gallegos, la asociación entre mámoas y Caminos Reales, fue cuando Maciñeira publicó todas las notas de campo que había recogido en las comarcas de As Pontes de García Rodríguez

Amais dos seus apontamentos de campo, cadernos de excavacións e inventarios (nomeadamente o seu inventario descriptivo de case 300 mámoas na "avanzada comarca del cabo Ortegal"), aínda que dende unha óptica difusionista, relacionará os seus achados con outras rexións<sup>17</sup>, incidindo na problemática do campaniforme<sup>18</sup> e deixándonos coma obra fundamental o seu *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*, que saíu do prelo en 1947.

Se Maciñeira é fundamental para o estudio do Megalitismo septentrional do noso país, a Florentino López Cuevillas hai que considera-lo como o home que soupo darlle o pulo necesario aos estudos da Prehistoria galega. Sen dúbida algunha é a figura máis senlleira no eido da investigación prehistórica que deu Galicia, e que resume ben na súa persoa a filosofía de toda a Xeneración Nós. Como ben escribe A. Fernández Malde<sup>19</sup>,

*"Em efeito, López Cuevillas está a participar num colectivo que se propujo a modernização da cultura galega... Ao mesmo tempo, trabalhava-se no projecto de pôr a Galiza em relação com países afíns das fisterras atlânticas, mantendo-se umha activa colaboração com gente de Irlanda, Bretanha e Portugal, junto a incorporação da cultura galega as correntes científicas e estéticas do momento;... e politicamente participa no colectivo responsável da criação e definição conceptual do nacionalismo galego, que supera ao anterior regionalismo do XIX e princípios do XX".*

---

y el cabo Ortegal (Maciñeira, 1943 y 1947). En estos trabajos dicho autor describe nada menos que 87 mámoas que se alternan a ambos lados del Camino Real que une As Pontes con Bares. El camino en cuestión se extiende a lo largo de más de 40 Kms. Sale de la villa de As Pontes hacia el Norte, y enseguida comienza a ganar altura subiendo a las cimas de Serra Faladoira. (...) Las mámoas descubiertas por Maciñeira se colocan justo a un lado del camino, dominándolo. Su emplazamiento en aquel paisaje desolado, desierto y de monte bajo hace que, en ocasiones, destaquen desde varios kilómetros antes de llegar junto a ellas".

17 Maciñeira, F.: "Relaciones marítimas entre el norte de Galicia y las Islas Británicas en los tiempos prehistóricos". *Boletín de la Real Academia Gallega*, 14, 1924. De novo adiántase a autores como López Cuevillas ("Sobre las relaciones con Bretaña e Inglaterra", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 41, 1958 ou "Relaciones prehistóricas de los finisterres atlánticos", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, 12, 1941) ou mesmo Mac White, que en 1951 publica o seu *Estudios sobre las relaciones atlánticas de la Península Hispánica en la Edad del Bronce*.

18 Maciñeira, F.: "El vaso campaniforme y condiciones de sus intactos yacimientos tumulares en la estación de Puentes". *Atlantis*, 16, 1941.

19 Fernández Malde, 1992 (vid. nota 11).

Centrándonos nas súas pesquisas encol do Megalitismo, levará a cabo durante toda a súa vida un labor encomiable de traballo de campo para reconstruír o mapa orixinario da distribución megalítica do Noroeste<sup>20</sup>, estudos de materiais arqueolóxicos depositados en museos e coleccións<sup>21</sup> e artellará, dun xeito xenial, a problemática do Megalitismo dende unha mira paleodemográfica e de reconstrución dos modelos económicos e sociais dos constructores das nosas mámoas, tal como se recolle nunha comunicación apresentada no III Congreso Nacional de Arqueoloxía celebrado en Galicia en 1953 (1973, p. 94):

*"Do número verdadeiramente extraordinario de sepulturas rexistradas no noroeste hispánico, do seu tamaño pouco desenvolto, das súas formas reducidas (...) e da súa homoxénea repartición por todo o norte de Portugal e Galiza, (...) dedúcese a existencia dunha poboación densa, que vivía sobre o territorio dun xeito dispersivo, acusando un senso cultural de tipo arcaizante e orgaizada nun réxime de familias ou de pequenos clans, que non permitía por falla dunha estrutura política e social máis complicada, e do exercicio dunha forte autoridade unificadora e reitora de esforzos, a construción de grandes sepulturas coleitivas como as que aparecen noutros países dos comprendidos no conxunto das áreas dolménicas".*

Artigos ou libros tais como "Os Oestrimnios, os Saefes e a ofiolatría en Galicia" (1929), "La civilización neo-eneolítica gallega" (1931) (ámbolos dous en colaboura con F. Bouza Brey), "La Cultura megalítica del NO. peninsular" (1948), "El comienzo de la Edad de los metales en el Noroeste peninsular", (1955) "Caracteres de la cultura megalítica del Noroeste Peninsular" (1953) ou "La época megalítica en el noroeste de la Península" (1959) deben ser considerados como obras xa clásicas. Sen dúbida algunha a súa aportación ó estudio da Prehistoria galega en xeral e do Megalitismo en particular foi extraordinaria.

---

20 Para decatarnos do seu inxente labor arqueolóxico cf. por exemplo os seguintes traballos: "Os dólmenes do Monte das Motas en Lobeira", *Revista Nós*, 18, 1923; "As mámoas do concello de Lobeira", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 15, 1926; "Papeletas pra un inventario das mámoas galegas", *Revista Nós*, 39-40, 1927; "Prehistoria de Melide, En: *Terra de Melide*, 1933; "Sobre el número de mámoas y su distribución en Galicia". *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, 5, 1949; "As mámoas do Saviñao. A anta de Abuime e a necrópole do Monte da Morá". *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, V, 1930, 29 pp. (en colab. con A. Fraguas e P. Lorenzana).

21 Neste senso, salientemos os seguintes traballos: "Notas en col do mobiliario de algunhas mámoas galegas depositado no Museo de Ourense", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 15, 1925; "Novas cerámicas das antas galegas", *Trabalhos de Antropologia e Etnografía*, 4, 1930; "Nuevo material de mámoas del valle alto del Barbantiño". *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, 20, 1959, ou o listado que Cuevillas proporciona na súa obra de 1973 (vid. nota 25), pp. 61-75.

A súa inxente obra queda patente na súa colaboración como autor do volumen III adicado á Prehistoria na *Historia de Galicia* dirixida por Otero Pedrayo (1973, manuscrito de 1952).

Nos anos trinta viaxan a Galicia Georg e Vera Leisner, autores do máis importante corpus documental do Megalitismo da Península Ibérica: é dicir os *Die Megalithgräber der Iberischen Halbinsel*, en varios voluminosos tomos publicados en 1943, 1956, 1959 e 1965. Para o caso concreto de Galicia en 1938 sae do prelo a tese de doutoramento de G. Leisner, baixo o título de *Verbreitung und Typologie der Galizisch-Nordportugiesischen Megalithgräber* que vai se-la obra fundamental do momento, sen esquecer-lo seu magnífico artigo encol das pinturas da anta de Pedra Cuberta, un dos moimentos megalíticos de mais sona de toda Europa<sup>22</sup>.

A obra dos Leisner gravitará arredor dun labor de prospección exhaustiva, unha magnífica planimetría, o estudio en profundidade de materiais arqueolóxicos e un corpus documental de grande valor. Sen esquecer-la súa aportación teórica entre o difusionismo e a posibilidade de desenrols independentes do fenómeno, fronte das teorías evolucionistas sobexamente simplicistas. Sen dúbida algunha estamos ante unha obra capital, á que aínda hoxe en día temos que recorrer cando nos achegamos ó tema do Megalitismo da Península Ibérica. Como ben dí W. Dehn nas palabras de abertura da homaxe á Dra. Vera Leisner celebrada en Lisboa en 1985,

*"Os catálogos de monumentos e a tipologia das formas sepulcrais, as descrições das formas de enterramento, a discussão do espólio dos sepulcros, a apreciação da possível sequêncía cronológica dos grupos culturais e finalmente a exposición da situación específica da investigación podem considerar-se como características típicas das obras dos Leisner sobre o megalitismo"*<sup>23</sup>.

Na obra dos Leisner como tamén en López Cuevillas imos atopar outra liña interpretativa: a hipótese do determinismo xeolóxico e topográfico. Ambos autores incidirán reiteradamente no feito, para eles moi nidio, da asociación entre emprazamento megalítico e sustrato granítico, tal como en 1938 espuña G. Leisner<sup>24</sup>. Asemade, os

---

22 Leisner, G.: "Die Malereien des dolmen Pedra Coberta". *Jahrbuch für Prähistorische und Ethnographische Kunst*, 9, pp. 23-44. Berlin, 1934 e "Nuevas pinturas megalíticas en España". *Investigación y Progreso*, 1934.

23 Dehn, W.: "Homenagem à Dr<sup>a</sup> h.c. Vera Leisner". En: *Probleme der Megalithgräberforschung* (Vorträge zum 100. Geburtstag von Vera Leisner), 1990, p.17.

24 Dí textualmente G. Leisner, no seu *Verbreitung und Typologie der Galizisch-Nordportugiesischen Megalith-*

túmulos ubicarían-se, como regra xeral aínda que non única, en gándaras e penichairas terminais das serras. Para xustifica-lo menor número de xacementos nos vales, Cuevillas o explicaba como debido a que, por ser esta unha zona de accións agrícolas habituais, propiciaría a desaparición e desfeita de moitas mámoas<sup>25</sup>. Pero isto non semella corresponderse mesmamente coa realidade, á luz dos documentos cos que contamos hoxendía.

Por outra banda, imos atopar tamén na obra de Maciñeira, Cuevillas e G. Leisner as primeiras análises tipolóxicas. Si para o primeiro deles no Ortegal existen tres grandes tipos (antas simples, de corredor e cistas), para Cuevillas as antas do noso país pertencen a catro tipos ben definidos:

1. Cámaras poligonais pechadas e de pequeno tamaño.
2. Cámaras poligonais simples con porta de entrada.
3. Cámaras poligonais con tendencia circular e corredor curto.
4. Cámaras rectangulares, tipo cista megalítica.

A partir deste esquema xeral, G. Leisner no seu estudio publicado en 1938 segue a grandes liñas a periodización de Cuevillas, se ben aprofundando máis e enriquecéndo-a a partir das súas propias investigacións e traballos de campo. Fronte aos catro tipos xenéricos de Cuevillas, sinala tres grupos:

1. Sartegos simples, con cámaras de feitío diverso, dende as cámaras poligonais ata as formas indeterminadas.
2. Antas de corredor, diferenciadas tanto no alzado como na planta, ou de perfil escalonado.
3. Cámaras semicirculares.

---

*gräber*. Marburg, 1938, rep. 1977, p. 9: "Demgegenüber erscheint die heutige politische Grenze, die Portugal am Minho von Galizien trennt, nur durch den an diesem FluBlauf liegenden zufälligen Abschluß der portugiesischen Eroberungen nach Norden zu bedingt; die geographische Einheit, welche die Provinz Minho mit Südwest-Galizien bildet, zeigt sich schon in vorgeschichtlicher Zeit in einer bemerkenswerten kulturellen Übereinstimmung". Iste texto é, pois, de novo o suficientemente explícito para poñer no seu xusto lugar a débeda con G. Leisner, tal como se pon de relevo nun texto de 1987 referido á Serra do Barbanza: "La predilección por el granito es fácil de entender, ya que posee unas características constructivas idóneas para su utilización como materia prima, razón por la cual la arquitectura tradicional de la península de Barbanza lo ha usado en todas sus obras". (Vid. nota 35. Bello et al., 1987, p. 94).

25 López Cuevillas, F.: "A idade megalítica". *Historia de Galicia*, t. III (Prehistoria), (orixinal redactado en 1952). Buenos Aires, 1973, p. 55.

Dun xeito xeral, nestas análises tipolóxicas están os alicerces das máis recentes seriacións<sup>26</sup> o que é indicativo do valor e interese das investigacións deses xeniais investigadores.

Tra-la desaparición do Seminario de Estudos Galegos na Guerra Civil e coa creación do Instituto "Padre Sarmiento" de Estudos Galegos no ano 1944, un bo feixe de estudiosos, dos que López Cuevillas será o seu principal valedor, vai retomar dun xeito científico as investigacións, sendo de salientar xa a partir dos anos cincuenta as prospeccións e excavacións de Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza no Morrazo e no monte Corzán<sup>27</sup>, así como, entre outros, as investigacións de F. Bouza Brey, A. Fraguas, J. M<sup>a</sup> Luengo, Vázquez Seijas<sup>28</sup> e a publicación dos primeiros catálogos sistemáticos da provincia de Pontevedra<sup>29</sup>.

- 
- 26 Cfr. por exemplo: Criado, F. e Fábregas, R.: "The megalithic phenomenon of northwest Spain: main trends". *Antiquity*, 63, 1989, pp. 682-696; Fábregas, R.: "Megalitismo de Galicia". *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 28, 1988, pp. 62-63; Rodríguez Casal, A.: "Die Megalithkultur in Galicien". *Probleme der Megalithgräberforschung*, 1990, pp. 61-63; id.: *O Megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*, 1990, p. 73-94; id.: "El Megalitismo gallego: la documentación arqueográfica" En: *Galicia-Historia, I* (Prehistoria e Historia Antigua), 1991, pp. 124-171.
- 27 Sobrino Lorenzo-Ruza, R.: "Megalitos de Monte Corzán". *Zephyrus*, 6, 1953; Id.: "Prospecciones arqueológicas en Morrazo". *El Museo de Pontevedra*, 10, 1956 e "Excavación de una sepultura megalítica en Moraña (Península del Morrazo, Pontevedra)". *Noticiario Arqueológico Español*, 3/4, 1956. Gran parte dos materiais arqueolóxicos ficaron no esquecemento e sen estudar até os anos 70. Cf. Peña Santos, A. e Rodríguez Casal, A.: "Estudio de los materiales conservados de tres sepulturas megalíticas (Península del Morrazo, Pontevedra)". *Gallaecia*, 2, 1976, pp. 55-85.
- 28 Cf. por exemplo: Bouza Brey, F.: "Dólmenes con grabados serpentiformes y hacha rompecabezas nórdicos de la Galicia central". *Archivo Español de Arqueología*, 87, 1953; Fraguas, A.: "Apuntes sobre mámoas lucenses". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 8, 1953; Luengo, J. M<sup>a</sup>: "Exploraciones de mámoas en Aranga y Cambás (La Coruña)". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 22, 1952; Vázquez Seijas, M.: "Riqueza megalítica en tierras de Villalba". *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, 2, 1947 e "Notas sobre túmulos lucenses". *Zephyrus*, 4, 1953.
- 29 É de sobrancear a encomiable labor de catalogación arqueolóxica levada a cabo por Alfredo García Alén que con J. Filgueira van ir publicando periódicamente dende 1953 os materiais para a carta arqueolóxica da provincia de Pontevedra. En 1977 pública-se o inventario de monumentos megalíticos (vid. nota 4), labor continuada por A. de la Peña Santos e o Grupo de Arqueoloxía "Alfredo García Alén".

## 5. As investigacións mais recentes e o estado actual da investigación.

Unha mudanza importante producira-se a partir dos anos sesenta, no marco do cambio conceptual que se está a producir en toda Europa Occidental, aínda que non imos contar con moitos traballos de campo que salientan<sup>30</sup>.

Pero será sobre todo na década dos setenta cando a investigación atinxa un importante nivel, coa intensificación das prospeccións e excavacións, o arrinque cun novo enfoque metodolóxico e unha investigación coordinada entre Universidade, Instituto "Padre Sarmiento" de Estudos Galegos e museos rexionais: a destaca-los traballos arqueolóxicos levados a cabo en diversas bisbarras da nosa comunidade e a catalogación megalítica da provincia de Pontevedra<sup>31</sup>. No lado negativo é mester de novo indicar a non publicación dalgunhas intervencións arqueolóxicas (vid. nota 1). Tamén nesta década é de salientar o pulo das investigacións encol da arte megalítica, coa descuberta de novos xacementos e a revisión dos datos anteriores<sup>32</sup>. No fin da década, concretamente no ano 1979, van sair do prelo varios traballos de síntese que recollen o estado da investigación ata ese momento<sup>33</sup>.

Xa na década dos oitenta, novas investigacións e traballos de campo van vir coma auga de maio para un mellor coñecemento do noso megalítico: aí están as prospeccións realizadas nas terras de Compostela, Monte Corzán, Barbanza, Curtis e Sobrado, Serra do Bocelo, zona de Vigo, Suroeste ourensán ou A Fonsagrada e as excavacións levadas a cabo en diversos xacementos da provincia de Pontevedra (nomeadamente zona de Vigo-Redondela, O Morrazo e Moraña), Parxubeira, Os Campiños, Vilalba, Monte Campelos, Fanegas, Dombate, Forno dos Mouros ou medoñas das Pontes de García Rodrí-

---

30 Cf. Acuña Castroviejo, F. et al.: "Las mámoas del Montouto". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 23, 1968; Blanco Freijeiro, A. et al.: "A Lapa de Gargantás". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 57, 1964.

31 Cf. por ex., Rodríguez Colmenero, A.: "La cultura megalítica en el alto Búbal". *Boletín Auriense*, 2, 1971; Bouza Brey, F. et al.: "Excavación de túmulos dolménicos en San Andrés de Lousada". *Noticiario Arqueológico Hispánico*, 2, 1973; García Alén, A. e Filgueira, J.: op. cit. (vid. nota 29).

32 Cf. Shee, E. e García Martínez, M.C.: "Tres tumbas megalíticas decoradas en Galicia". *Trabajos de Prehistoria*, 30, 1973; Ramil, J. et al.: "Tres túmulos megalíticos con grabados en el término municipal de Villalba (Lugo)". *Gallaecia*, 2, 1976; Savory, H.N.: "Serpentiforms in megalithic art: a link between Wales and Iberia North West". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 28 (84), 1973.

33 Rodríguez Casal, A.: "O Megalitismo na Galiza. A súa problemática e o estado actual da investigación". *1ª Mesa redonda sobre o Megalitismo e o Calcolítico em Portugal*, 1979, pp. 103-115; VV.AA.: *Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia. Estado da cuestión*, 1979.

guez. Coma semella ser xa algo habitual, algúns destes traballos están aínda sen publicar<sup>34</sup>.

Pero este novo pulo nos traballos, e é importante salientalo, irá acompañado dun novo plantexamento metodolóxico que coincide coa celebración en 1981 do II Seminario de Prehistoria do Noroeste. As novas directrices irán dirixidas cara ao estudo do Megalitismo sen desliga-lo do medio físico e as súas implicacións, no seo dun dobre sistema de relacións, a saber a ecoloxía e o feito cultural dos constructores de megalitos. A partir desta nova línea na investigación un estudio sistemático encol da relación xeoloxía-megalitos estase a facer en Galicia para tenta-la verificación científica da mediatización e influencias alleas dos constructores de megalitos á hora de construí-los sartegos para seus mortos. Dos estudos realizados nas comarcas de Xallas, Sobrado e Curtis, Melide, A Barbanza, A Capelada, Serra Faladora, As Pontes e Vilalba, dedúcese doadamente a existencia dunha imposición evidente do factor "materia prima" empregado na construción, sobre o factor "ubicación" das mámoas en lugares moi concretos e fisiográficamente moi específicos<sup>35</sup>.

---

34 Fagamos mención dos principais traballos de prospección e excavación de certa entidade publicados desde 1980 aos nosos días: Criado, F.: "Catalogación de mámoas en los municipios de Curtis, Sobrado y tierras adyacentes". *Brigantium*, 1, 1980, Agrafojo, X.: *Prehistoria e Arqueoloxía da terra da Barbanza*. Noia, 1986; VV.AA.: *Catalogación de yacimientos prerromanos del Ayuntamiento de Santiago*. 1985; Criado, F. et al.: *Arqueología del paisaje. El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales (campañas de 1987, 1988 y 1989)*. 1992; Rodríguez Casal, A.: *op. cit.*, 1989 (vid. nota 2); id.: "A mámoa de Monte Campelos e o seu enterramento secundario. Novos datos encol do Megalítico Final Galego". *Boletín do Museo provincial de Lugo*, 1, 1983. Como informacións máis sucintas, cfr. *Arqueoloxía-Infomes* 1 e 2 (Campaña de 1987 e 1988). Xunta de Galicia, 1989 e 1990 e *Pontevedra Arqueolóxica* I (1984) e II (1985-86), con informes dos traballos arqueolóxicos nas mámoas de Chan da Cruz I e As Rozas I e a cultura megalítica no Val do Fragoso (R. Patiño), Monte Mon e as Pereiras (A. de la Peña); Patiño, R. e Peña, A. de la: "Primeros resultados de dos años de investigación sobre el mundo megalítico en la provincia de Pontevedra". *II Coloquio Galaico-Minhoto*, 1984.

35 Cf. Criado, F. e Grajal, M.: "Relación entre la distribución de mámoas y el medio físico en la zona de Sobrado-Curtis". *Brigantium*, 2, 1981; Criado, F. et al.: *La construcción del paisaje: Megalitismo y ecología en la Sierra del Barbanza*. 1986; Criado, F. e Rodríguez Casal, A.: 1983. "Megalitismo e medio xeolóxico nas comarcas de Xallas e Melide". *II Seminario de Arqueología del Noroeste* (1981), 1983; Pombo, J.A.: "El megalitismo en el NW de la Terra Chá: relación del hombre y el medio". *II Seminario de Arqueología del Noroeste* (1981), 1983; Bello et al.: *La Cultura megalítica de la provincia de La Coruña y sus relaciones con el marco natural: implicaciones socio-económicas*. 1987; García Martínez, M.C. "Megalitismo e hábitat". Ciclo de Conferencias sobre Evolución de Galicia, 1985.

Pero é mester tamén ter en conta outros factores tais como o da potencialidade dos solos ou o elemento topográfico. Así, por exemplo para o caso concreto da Capelada, tal como escriben Bello et al.,

*"Nos inclinamos a considerar que fueron los condicionamientos de tipo edafológico y topográfico los que determinaron en mayor medida la distribución de las mámoas. De este modo, las poblaciones megalíticas de A Capelada se habrían asentado en aquellos terrenos que disponían de condiciones más favorables para la ocupación humana"*<sup>36</sup>.

Non hai aínda moitos anos era practicamente imposible reconstruí-lo ambiente climático e paleoambiental da nosa Prehistoria. Nembargantes, coa revolución científica que acaeceu a partir da década dos setenta e os oitenta, hoxe estamos en condicións de achegarnos a aspectos tan difíceis como a reconstrución do clima, a vexetación predominante na época megalítica e o paleoambiente, factores istes esenciais para poder situar no seu xusto lugar as relacións entre o home e a natureza. Sen esquecer a interdisciplinariade e o achegamento dos arqueólogos aos científicos<sup>37</sup>.

Contamos hoxe en día cunha serie de análises palinolóxicas que nos permiten documentar, con precisión dabondo, como era a vexetación da época e conseguintemente o clima. Das análises realizadas pódese doadamente deducir que a época megalítica galega entra de cheo no período Atlántico (que vai do 6000 ao 2800 a.C.), atinxindo ata os inicios do período Subboreal<sup>38</sup>.

Sen dúbida o tema das implicacións e interrelacións entre o medio físico e a distribución e ocupación megalítica en Galicia é do máximo interese, tanto ou máis que o estudio dos moimentos e as ofrendas funerarias neles depositados; pero aparte desta orientación nas investigacións, feito xa posto de relevo por A. Arribas e F. Molina na sua

---

36 Bello, J.M<sup>a</sup> et al.: op. cit., 1987, p. 41-43.. Sobre os modelos sociais para o Megalitismo, cf. tamén dos mesmos autores, "Medio físico y sociedades megalíticas. Aproximación a los problemas constructivos de los megalitos en el NW peninsular". *Gallaecia*, 7/8, 1984, e máis recentemente Corral, M.: "Aplicación de un modelo para el estudio económico y social del megalitismo en el NO. peninsular. El conjunto megalítico de S. Andrés de Lousada (Lugo). *Brigantium*, 6, 1990, pp. 55-64.

37 Escriben ao respeito Aira, M<sup>a</sup>.J. et al., *Estudios Paleobotánicos y Edafológicos en yacimientos arqueológicos de Galicia*, 1989, p. 11: "En los últimos años los trabajos interdisciplinares entre arqueólogos, edafólogos y palinólogos han cobrado un gran auge en toda Europa, teniendo como finalidad común el estudio y reconstrucción de las condiciones ambientales del pasado y del medio en que se desarrolló la vida de las comunidades humanas históricas y prehistóricas".

38 Cf. Aira, M<sup>a</sup>.J. e Díaz Fierros, F.: "La evolución climática en el Cuaternario". *Galicia-Historia*, I (Prehistoria e Historia Antigua), pp. 27-43. 1991.

síntese de 1984 encol do Megalitismo Peninsular<sup>39</sup> novos traballos noutros campos máis tanxíbeis, están a completar dun xeito capital a visión totalizadora do fenómeno megalítico no noso país<sup>40</sup>. Neste sentido son de salientar os traballos de R. Fábregas encol da industria lítica<sup>41</sup>, ou os de De la Fuente e Eguileta encol da cerámica<sup>42</sup>.

Verbo do mundo simbólico do Megalitismo sae do prelo en 1981 a síntese de E. Shee encol da arte megalítica da Europa Occidental, na que estuda, aínda que non na súa totalidade, o caso galego<sup>43</sup>. O proseguimento das investigacións, a descuberta de novos xacementos con gravuras, pinturas e figuracións antropomórficas (nomeadamente Roza das Modias, Mámoa da Braña, Dombate, Forno dos Mouros ou Parxubeira), fai que no

- 
- 39 Arribas, A. e Molina, F.: "Estado actual de la investigación del Megalitismo en la Península Ibérica". *Scripta Praehistórica*, 1984, pp. 63-112. Dín textualmente na p. 82: "La investigación actual en el área gallega está orientada en su casi totalidad a la búsqueda de las relaciones existentes entre la distribución de los sepulcros megalíticos con el sustrato geológico y con los distintos tipos de suelos. La cuestión es de gran interés a nivel general y es una lástima que en otras regiones esta orientación -visible por otro lado en los estudios de las estructuras- no haya sido acometida con la coherencia con la que la han afrontado los investigadores gallegos".
- 40 Se ben estámonos a referir exclusivamente á actual Galiza, é mester indicar o feito da homoxeneidade cultural coas rexións norteñas de Portugal. Sobre o Megalitismo de alén o Miño até o Douro, cf. por exemplo, entre os máis recentes traballos de síntese os seguintes: Oliveira Jorge, V.: *Megalitismo do Norte de Portugal: O Distrito do Porto. Os Monumentos e a súa problemática no contexto europeo*. 1982, 950 pp.; id.: "Les monuments Mégalithiques du Nord du Portugal". *Probleme der Megalithgräberforschung*, 1990, pp. 35-52; Cruz, D. J. da: "O Megalitismo do Norte de Portugal". *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, 28, 1988, pp. 15-42; Fábregas, R.: "Le phénomène du mégalithisme dans le Nord-Ouest de l'Espagne". *L'Anthropologie*, 93, 1989, pp. 219-230.
- 41 Entre os traballos de R. Fábregas (un bo número deles sobre estudos moi concretos) salientamos, polo seu carácter máis sintético, os seguintes: "La industria de piedra pulida en las sepulturas megalíticas de Galicia". *Trabajos de Prehistoria*, 41, 1984, pp.; "Para una tipología de los útiles de piedra pulimentada de la cultura megalítica gallega". *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 2, 1984, pp. 5-23; "La industria lítica pulimentada". En: *Aproximaciones a la cultura del Megalitismo gallego: la industria lítica pulimentada y el material cerámico*, 1988, 296 pp.; "Industria lítica en el megalitismo del Noroeste peninsular: consideraciones generales". *Espacio, Tiempo, Forma*, I-3, 1990, pp. 105-141 (tema obxecto da súa tese de doutoramento presentada en 1991).
- 42 De la Fuente, F.: "El material cerámico". En: *Aproximaciones a la cultura del Megalitismo gallego: la industria lítica pulimentada y el material cerámico*, 1988, 296 pp.; Eguileta, J. M<sup>a</sup>: "Catálogo dos materiais ergolóxicos depositados no museo de Ourense procedentes de túmulos prehistóricos". *Boletín Auriense*, 17, 1987, 70 pp.
- 43 Shee Twohig, E.: *"The Megalithic Art of Western Europe"*. 1981.

estado actual da investigación poidamos achegarnos máis en profundidade ao mundo simbólico dos constructores de megalitos, xa que, tal como nós mesmos escribíamos,

*"...En resumé, contexte funéraire, mobilier, gravures, peintures, stèles et idoles-bétyles sont des éléments liés au monde symbolique des bâtisseurs de mégalithes du pays galicien, en accord avec des liturgies, des croyances et des rites très enracinés et liés à la mort et à l'idée d'outre-tombe si omniprésente dans les sociétés mégalithiques de l'Europe Atlantique"*<sup>44</sup>.

Verbo da cronoloxía e das seriacións culturais<sup>45</sup>, á luz da documentación que temos ó noso dispor, pódense diferenciar no Megalitismo galego tres momentos ben definidos: unha fase inicial, outra de apoxeo e desenvolvemento do proceso e unha fase final, con catro grandes grupos xenéricos de construcións funerarias que irían dende as antas simples e as de corredor, até as arcas megalíticas e os sartegos paramegalíticos<sup>46</sup>. Verbo da evolución dos complexos ergolóxicos, e a pesar da excavación nos últimos anos dun bó número de túmulos, pero maiormente aínda sen publicar, a única seriación con bases arqueolóxicas sólidas coa que contamos é a da necrópole de Parxubeira<sup>47</sup>, na que se distinguen tres grandes momentos de ocupación da mesma:

1º) Ocupación primaria: con microlitos, coitelos de sílex, puntas de frecha de base triangular, machados, aixolas, cerámica impresa e doas de cor verde. Abrangue a fase inicial e de apoxeo da necrópole.

2º) Ocupación campaniforme: pertence a un momento serodio e de reutilizamento secundario, a partires de mediados do III milenio.

3º) Ocupación do Bronce Antigo: definida polo achado de dúas puntas de cobre do tipo denominado Palmela e un vasiño de fondo plano<sup>48</sup>.

---

44 Rodríguez Casal, A.: "Elements symbolico-funéraires dans le mégalithisme galicien".(17 Colloque Interrégional sur le Néolithique, Vannes (1989), *Révue Archéologique de l'Ouest*, 5, 1992, pp. 213-221). En setembro de 1992 presentamos en Dublín, co gallo do *International Symposium on Megalithic art*, unha comunicación titulada "The Megalithic art in Galicia: ten years later" (no prelo).

45 Cf. Fábregas, R.: "Cronología y periodización del megalitismo en Galicia y Norte de Portugal". *Espacio, Tiempo y Forma*, (Prehistoria), 1, 1988, pp. 279-291.

46 Vid. nota 26.

47 Rodríguez Casal, A.: *Parxubeira cit.*, 1989, (vid. nota 2), pp. 67-73.

48 Cf. tamén Rodríguez Casal, A.: *O Megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*. 1990, pp. 145-165.

Pero si ben as máis recentes aportacións fan que esteamos nun intre que podemos definir como "doce" na investigación, as lagoas na mesma son o suficientemente importantes como para ter moi presente o que xa en 1977 plantexaba o profesor P.- R. Giot no Coloquio de Vannes adicado ás arquitecturas megalíticas, cando escribía:

*"Mais disons-nous bien que nous mêmes, avec toutes nos méthodes, nos techniques, notre logique, notre informatique, l'emploi des modèles de la new archaeology, en définitive nous balbutions encore et nous sommes loin de pouvoir reconstituer le monde des constructeurs de mégalithes"*<sup>49</sup>.

E como xa decíamos no inicio deste repaso á historia do Megalitismo galego, somos conscientes de que máis que de modelos teóricos e especulación precisamos de realidades: labores prospectivas do fenómeno, diagnose dos problemas, excavación de xacementos e estudos da cultura material e publicación dos resultados. Dende ista filosofía suscribimos o que W. Dehn<sup>50</sup> escribía:

*"A fascinação que irradia destes monumentos funerários e cultuais com o seu carácter ainda em muitos pontos enigmático não se pode negar. Ela seduz alguns pseudo-cientistas a arriscadas construções de ideias das quais está longe o verdadeiro investigador. O que vale a este é orientar-se por un Heros da Antiguidade, Antaios: como ele necessitava sempre de novo do contacto com a terra para restabelecer a sua força na luta, necessitamos nós, arqueólogos, de voltar dos altos voos da especulação científica sempre de novo à base sólida dos monumentos arqueológicos..."*

---

49 Giot, P.-R.: "Le rituel funéraire, les mégalithes et la religion néolithique". En: *L'Architecture mégalithique*. Vannes, 1977, p. 14).

50 Dehn, W.: *op. cit.*, 1990, p. 18 (vid. nota 23).